



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO CONTRA A DISCRIMINACIÓN POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación de calquera circunstancia persoal ou social e, no artigo 9.2, establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

En virtude do mandato estatutario, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. A dita lei establece no artigo 7.2 que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

2. Necesidade e oportunidade

Mediante este decreto cúmprese por unha parte co mandato legal de que a Administración pública estableza unha canle de diálogo coas entidades representativas en Galicia do colectivo LGTBI e, por outro lado, constitúe un foro de estudo e proposta que poida ser útil no camiño para a consecución da plena integración das persoas en todos os ámbitos, con independencia da súa identidade sexual ou de xénero ou da súa orientación sexual e que poida axudar no desenvolvemento das políticas públicas orientadas a esta finalidade.



3. Estrutura e contido

Este decreto está estruturado en 22 artigos agrupados en dous capítulos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, que leva por rúbrica “disposicións xerais” regula o obxecto, a natureza e o réxime xurídico, a finalidade, a adscrición e as funcións do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

O capítulo II titúlase “Normas básicas de organización e funcionamento” e está adicado á composición do observatorio, regulando as figuras da presidencia, vicepresidencia, secretaria e vogalías, as súas substitucións e as correspondentes funcións. Ademais diso, este capítulo recolle o réxime de funcionamento do Observatorio e o procedemento de designación das vogalías correspondentes aos colectivos LGTBI.

As disposicións adicionais adícanse a primeira a que esta norma non implica incremento de gasto e a segunda ao prazo de constitución do observatorio.

Respecto ás disposicións derradeiras a primeira habilita para o desenvolvemento normativo e a segunda establece a entrada en vigor deste decreto.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, a Secretaría Xeral da Igualdade, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha memoria económica-financeira (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto



como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como ás Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, Delegación do Goberno en Galicia, Unión Xeral de Traballadores (UXT), Confederación Intersindical Galega (CIG), Comisións Obreiras (CCOO), Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F), Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Consello Galego de Relacións Laborais, Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Asociación Nós Mesmas, Ulteira LGTBI, 7 cores, A.L.A.S. A Coruña, Asociación Arelas, Chrysallis Galicia, Fundación Daniela, Aleas Esquerda Unida e Amizando.

Consta no expediente o informe da Secretaría Xeral da Igualdade sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Consello Galego de Relacións Laborais, Delegación do Goberno en Galicia, AMTEGA (a través da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia), sindicato Comisións Obreiras, Asociación Arelas e Amizando (alegacións conxuntas), e A.L.A.S Coruña, Asociación Nós Mesmas, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Comité Antisida de A Coruña e Fundación Daniela (alegacións conxuntas).

Resultou preciso solicitar informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e do



artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Dado que se regulan procedementos a instancia de parte, foi preciso solicitar o informe emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia, a tenor do preceptuado no artigo 6 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, xunto coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), emitiron este informe en sentido favorable o 22 de xaneiro de 2018.

O 5 de febreiro de 2018 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe en sentido favorable, ao adaptarse aos escenarios orzamentarios vixentes.

O 14 de febreiro de 2018 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

Finalmente, o 31 de xullo de 2018 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado.

Dende a Secretaría Xeral da Igualdade, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese a seguinte documentación:

- Memoria sobre as observacións contidas no informe da Asesoría Xurídica.
- Memoria xustificativa ampliada
- II memoria económica- financeira
- Memoria xustificativa relativa á incorporación dunha vogalía en representación do órgano superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de emprego.
- Texto do proxecto de decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica.

Á vista do citado informe da Asesoría Xurídica foi preciso solicitar un novo informe de sostibilidade financeira á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, o cal foi emitido con data 3 de setembro de 2018.

Por outra banda, á vista das alegacións presentadas pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria acerca da conveniencia de que o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero contase cun vogal en representación da autoridade laboral que ten competencias en materia de políticas laborais, incluíuse unha vogalía en



representación do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de emprego.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a ditame do Consello Consultivo de Galicia previo á súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este Proxecto de Decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaria Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza